

## “A SAÚDE AMBIENTAL É UNHA ESPERANZA ALCANZABLE”

- Así o manifestou o Doutor Francisco Peña Castiñeira en EsRadio Galicia, onde falou do Simposio Internacional de Medio Ambiente e Saúde celebrado a finais do pasado mes de outubro en Santiago de Compostela e que el mesmo coordinou.
- Entende que non é doado definir o concepto de saúde ambiental, sendo a súa procura un dos obxectivos prioritarios da Organización Mundial da Saúde.
- Asegurou que, se ben o medio físico é importante, considera que é o social, é dicir, a maraña de elementos sumados, o que, en definitiva, propicia o desenvolvemento de enfermidades.

**Cerceda, a 30 de novembro de 2015.**- Tal e como figura no preámbulo de constitución da Organización Mundial da Saúde (OMS), “A saúde é un estado de completo benestar físico, mental e social, e non soamente a ausencia de afeccións ou enfermidades”. Con todo, o Doutor Francisco Peña Castiñeira, científico e experto en saúde ambiental que actuou como coordinador do Simposio Internacional de Medio Ambiente e Saúde celebrado os pasados días 28 e 29 de outubro en Santiago de Compostela, considera que definir a saúde é algo máis complexo e así o expresou en EsRadio Galicia. “Porque hai países subdesenvolvidos onde non existen unhas condicións básicas de vida, proliferando a fame e a escaseza de medicinas, polo que a xente morre por carecer dos servizos esenciais; con todo, nos máis avanzados, os cidadáns morren moitas veces por excesos”.

Ao seu xuízo, a saúde é hoxe un tema que está afectado polos elementos ambientais de risco e os estilos de vida inapropiados. Aínda que é certo que o factor xenético ten a súa presenza, non menos certo é que resulta menor en relación aos aspectos ambientais.

Neste sentido, asegurou que, se ben o medio físico é importante, considera que é o social, é dicir, a maraña de elementos sumados, o que, en definitiva, propicia o desenvolvemento de enfermidades.

Sostén que non é doado definir o concepto de saúde ambiental, xa que aglutina todos os factores de risco do medio físico e do medio social, estando estes estreitamente ligados ao benestar da poboación. De feito, a súa importancia é tal, que a procura da saúde ambiental eríxese nun dos obxectivos prioritarios da OMS.

Móstrase convencido de que a saúde ambiental é unha esperanza alcanzable e o fin último é que sexa algo tanxible para as xeracións vindeiras. “Todos os

seres humanos somos iguais en dignidade e temos dereito a un medio ambiente san, a unha vivenda digna, a auga potable e a gozar da paisaxe”.

Considera que o medio ambiente ten que estar por riba de temas económicos, políticos e persoais, de aí que aludise, unha vez máis, á Encíclica do Papa sobre ecoloxía, debido a que “o coidado da nosa casa común ten que levar implícito o compromiso de todos os cidadáns”.

### CUMIO DE PARÍS

Con motivo da Conferencia das Nacións Unidas na loita contra o cambio climático, e que hoxe arranca en París, puxo de relevo a necesidade de que afrontemos os novos retos medioambientais para reducir os gases de efecto invernadoiro, toda vez que “o Protocolo de Kioto non cumpriu co seu proxecto debido a que os países poderosos non estiveron polo labor”.

É por iso que insistiu en que, de cara ao 2030, debemos ser capaces de comprometernos en diminuír as emisións un 20 ou un 30 por cento, limitando a menos de 2 graos centígrados a suba da temperatura do planeta, pois, pola contra, serán as próximas xeracións as que sufran as consecuencias.

E precisamente recordou neste punto que un dos temas estrela do Simposio que acolleu Santiago, foi a contribución da comunidade científica internacional á protección e conservación do patrimonio natural e á sostibilidade. “Precisamos estratexia e coordinación”, recomendou, e avanzar igualmente na “construción de cidades saudables e sostibles”.

Saúdos, Departamento de Comunicación